

## CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL

### - CONVOCATORIA LOCAL -

A Biblioteca Pública Municipal de Barreiros convoca o **CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL LETRAS GALEGAS 2024** (Fase Local), de acordo coas seguintes bases:

1. Poden participar todas as nenas e nenos con:

A) **NARRACIÓNS**, en galego, cunha extensión máxima **1 folio por unha soa cara**, sobre o tema:

**“ Ler para pensar, pensar para ser libres”**

*Os libros sempre axudaron a pensar, a elaborar teorías, a coñecer outras formas de pensamento ou de vida, a facer máis ampla a nosa conciencia... Agora é igual pero, ás veces, en pantalla e non en papel. Cando sabes que un libro te fai máis libre??*

B) **DEBUXOS**, feitos sobre cartolina de tamaño aproximado de DIN A4, sobre o tema:

**“ Ler para pensar, pensar para ser libres”**

*Os libros sempre axudaron a pensar, a elaborar teorías, a coñecer outras formas de pensamento ou de vida, a facer máis ampla a nosa conciencia... Agora é igual pero, ás veces, en pantalla e non en papel. Cando sabes que un libro te fai máis libre??*

2. Cada autor pode presentar cantos traballos desexa, mecanografados, escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Con cada traballo, acompañarase unha folla co nome e demais datos do autor en LETRAS MAIÚSCULAS.

3. Establécense 3 categorías:

- **CATEGORÍA A: ata 8 anos**
- **CATEGORÍA B: de 9 a 11 anos**
- **CATEGORÍA C: de 12 a 16 anos**

4. O prazo de presentación dos traballos rematará o vindeiro **15 de maio**, debendo de ser entregados polos seus autores na BIBLIOTECA MUNICIPAL ou nos COLEXIOS DO CONCELLO.

5. O xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de tres traballos.

6. Os traballos premiados nesta fase local participarán na fase provincial do Certame, convocada pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

7. Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

8. Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

9. A presentación das obras a este certame supón a aceptación das presentes bases.